



PREMIOS DE EXCELENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA Á MELLOR NOTA DE ADMISIÓN NOS GRAOS. CURSO 2024-25

A Universidade da Coruña (UDC), co fin de recoñecer e incentivar o esforzo e a dedicación ao estudo, convoca os Premios de Excelencia da Universidade da Coruña á mellor nota de admisión nos graos, do curso 2024-25.

1. Obxecto dos premios

Esta convocatoria ten como obxecto recoñecer o esforzo e a dedicación do alumnado procedente de bacharelato e/ou ciclos formativos de grao superior que alcanzase uns resultados académicos excelentes nos estudos previos ao acceso á Universidade, e premiará ao alumnado que posúa a mellor nota de admisión nas titulacións oficiais de grao e programas de simultaneidade de grao, que se imparten nos centros propios da Universidade da Coruña no curso académico 2024-25.

2. Persoas destinatarias

Os premios destínanse ao alumnado de primeiro curso por primeira vez que obteña a mellor nota de admisión no curso 2024-25, nas titulacións oficiais de grao e programas de simultaneidade de graos dos centros propios da UDC.

Concederáse un premio por cada un dos graos e programas de simultaneidade de graos que se impartan na UDC no curso 2024-25.

As persoas destinatarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Finalizar os estudos de bacharelato ou ciclo formativo de grao superior, no curso académico 2023-24, en calquera dos centros educativos recoñecidos pola administración educativa no territorio nacional.
- b) Obter unha nota de admisión á Universidade igual ou superior a 9,00 e matricularse por primeira vez no curso académico 2024-25, nos prazos establecidos pola CIUG na súa convocatoria, nas titulacións oficiais de grao ou programas de simultaneidade de grao, impartidas nos centros propios da UDC e manter a matrícula durante todo o curso.
- c) Non incorrer en ningunha clase de inhabilitación para obter as axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- d) Non estar en posesión dunha titulación universitaria.
- e) Aceptar o premio formalmente no prazo e forma que se indique na resolución definitiva de concesión dos premios que se publicará no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña.

3. Número de premios, dotación económica e financiamento

Concederáse 51 premios. Un premio de 565€ por cada titulación oficial de grao e programa de simultaneidade de grao que se impartan nos centros propios da UDC.

Estes premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 030A 422D 48002-Premios de Excelencia da Universidade da Coruña á mellor nota de admisión nos graos-VEE, ata un máximo de 28.815€.



4. Procedemento

4.1 Valoración dos expedientes académicos

Os premios outorgaranse de oficio a proposta do Servizo de Estudiantes, dependente da Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade.

O criterio para a concesión será ter a mellor nota de admisión, entre o alumnado que cumpra os requisitos establecidos no punto dous desta convocatoria, nas titulacións oficiais de grao e programas de simultaneidade de grao impartidas nos centros propios da UDC.

No caso de empate entre varias persoas, procederase ao desempate atendendo á nota de acceso á Universidade e, de persistir o empate, terase en conta o expediente académico previo.

4.2. Relación priorizada dos expedientes académicos

A Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade elaborará unha relación priorizada provisional daquelas persoas que obtivesen a nota de admisión máis alta, de acordo cos requisitos establecidos no punto dous desta convocatoria. Dita relación será publicada no taboleiro electrónico oficial da UDC (TEO). Contra esta relación provisional, as persoas interesadas no procedemento poderán presentar unha reclamación no prazo de 5 días hábiles que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación.

A Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade resolverá as reclamacións e publicará no TEO a relación definitiva daquelas persoas que poderán ser propostas para a concesión do premio de excelencia.

4.3 Aceptación do premio

As persoas propostas para a concesión do premio de excelencia á mellor nota de admisión nos graos e programas de simultaneidade de graos, deberán manifestar a aceptación da percepción do importe concedido, segundo o procedemento que se estableza na resolución definitiva, ademais de tramitar o alta dos datos bancarios, indicando unha conta bancaria ao seu nome, para que a Universidade realice a transferencia.

No caso de renunciar á percepción do importe concedido, deberá constar por escrito.

O prazo para presentar a aceptación será de 5 días hábiles que contarán desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva.

A publicación no TEO da UDC considerarase válida para os efectos de notificación aos interesados

No caso de non presentar a aceptación dentro do prazo indicado, entenderase que a persoa proposta renuncia de forma voluntaria á concesión do devandito premio.

5. Proposta definitiva, concesión e efectos

5.1 Remisión da proposta definitiva

A proposta definitiva será remitida pola Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade ao reitor, para a súa elevación ao Consello de Goberno.

5.2 Acordo de concesión

Os premios de excelencia á mellor nota de admisión nos graos e programas de simultaneidade de graos, concederanse polo Consello de Goberno da UDC ao alumnado coa mellor nota de admisión que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria.



A relación de persoas premiadas publicarase no TEO da UDC. Esta publicación será válida para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O acordo do Consello de Goberno esgotará a vía administrativa. Contra o devandito acordo, poderase interpoñer:

- a) ben un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte á súa publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas;
- b) ben un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que contará desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

6. Efectos

Cada premio consistirá nun diploma acreditativo, expedido polo reitor da Universidade da Coruña, e unha dotación económica de cincocentos sesenta e cinco euros (565€). O abono do importe farase por parte da Universidade da Coruña mediante transferencia bancaria a unha conta da que sexa titular a persoa beneficiaria.

O importe do premio estará suxeito ás retencións que legalmente correspondan.

A concesión do premio figurará no expediente académico da persoa premiada e farase constar fidedignamente.

A cada centro de ensino do que proceda o estudantado premiado, faráselle entrega dun diploma acreditativo.

As persoas beneficiarias deberán devolver o premio no caso de que se probe que foi outorgado indebidamente ou non manteña a matrícula durante todo o curso 2024-25.

7. Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos"-RGPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretaria.xeral@udc.gal

A aceptación dun premio, ao amparo desta convocatoria, implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RGPD, coa finalidade da correcta xestión dos premios. Tódalas persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.



Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no devandito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado Outros trámites.

- Mediante unha solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), na dirección Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza, 9, 15001, A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.

- Mediante unha solicitude á persoa delegada de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da citada Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que alcanza, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no TEO da UDC.

Asinado na Coruña, na data da firma dixital.